



Concello de Vigo
Expte. 5515/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 10/2026

SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE XUÑO DE 2026

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 25 de maio e extraordinaria do 19 de xuño de 2026.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2025 en aplicación do disposto no artigo 36 do Real Decreto 424/2017; Dación de conta. Expediente 103096/140. (Expte. Pleno 5499/1101).
3. Plan anual de control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026; Dación de Conta. Expte. 103092/140 (Expte. Pleno 5500/1101).
4. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2025. Expte. 452/143 (Expediente Pleno 5488/1101).

Mocións:

5. Moción do grupo municipal do BNG para a protección e valorización dos montes periurbanos da cidade de Vigo. Expte. 5517/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento de voos no Aeroporto de Vigo. Expte. 5519/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento de Vigo como a cidade mas poboada de Galicia. Expte. 5520/1101.



8. Moción do grupo municipal Socialista de medidas relacionadas coa atención primaria na cidade de Vigo. Expte. 5521/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista de medidas relacionadas co Conservatorio Superior de Música de Vigo. Expte. 5522/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionada co Clube Celta de Vigo de baloncesto feminino. Expte. 5523/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

11. Moción do grupo municipal do Partido Popular propoñendo a comparecencia do Alcalde diante do Pleno ao respecto da imputación penal da concelleira de Seguridade e Festa, D^a Patricia Rodríguez Calviño, polo accidente mortal do "Saltamontes" e súa decisión de non cesala con carácter inmediato. Expte. 5518/1101.

Resolucións.

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no Expte. Pleno 5516/1101.
13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no Expte. Pleno 5524/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

NON ASISTE: O Ilmo. Sr. Alcalde Abel Caballero Álvarez.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas (09:00) do día vinte e nove de xuño do ano dous mil vinte e seis (29/06/26), coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, D^a M^a del Carmen Silva Rego, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm^a. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(96). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 25 DE MAIO E EXTRAORDINARIA DO 19 DE XUÑO DE 2026.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal aproba as seguintes actas:

- Sesión núm. 8/2026 ordinaria, celebrada o 25/05/26
- Sesión núm. 9/2026 extraordinaria, celebrada o 19/06/26

***.- Incidencia.** Sendo as 09:07 horas, incorpórase ao Salón de Plenos a concelleira do grupo municipal Socialista Sra. Lago Barreiro. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:



***.- Incidencia.** A Sra. Presidenta da sesión, de conformidade co sinalado no artigo 51, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico do Pleno, indica que se realizará o debate conxunto dos puntos dous e tres da orde do día (Exptes. 103096/1101 e 103092/1101 respectivamente).

2.(97). INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025 EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 36 DO REAL DECRETO 424/2017; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 103096/140. (EXPTE. PLENO 5499/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta dos informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2025, remitidos en informe de data 9 de xuño de 2026 da viceinterventora e do interventor xeral, que di o que segue:

«Informes que se remiten:

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade103039_140

Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da obriga da auditoría da Disposicións Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2013.....103039_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior de verificación da efectividade, control, liquidación e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas nos períodos 2020 ao 2024.....103060_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2024.....103052_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior sobre o control da eficacia na contratación maior en obras, análise e avaliación do importe final dos contratos finalizados en 2023 e 2024.....103052_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións no exercicio 2024.....103062_140

Informes definitivos de auditoría de contas dos exercicios 2023 e 2024 ás Fundacións Marco, Laxeiro e Liste_Museo etnográfico de Vigo, así como os Informes de recomendacións de control interno e informe adicional ao de auditoría de contas ás tres citadas fundacións e os Informes de auditoría de cumprimento-operativa ás fundacións Liste e Laxeiro,103063_140

Dirixido a:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

Pleno da Corporación do Concello de Vigo



O funcionario que subscribe, na súa condición de Interventor xeral municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), aprobou o 30/04/2025 o Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025, no que se recolleron as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o citado exercicio, sendo remitido a efectos informativos ao Pleno, que quedou enterado na sesión do 25/05/2025 conforme ao disposto no apartado 3º do citado precepto.

O desenvolvemento das actuacións previstas realizáronse pola viceinterventora adxunta responsable do control financeiro, e no caso das actuacións nas áreas de fundacións e subvencións coa colaboración de firmas de auditorías. O artigo 35 do RDCI establece que o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

De conformidade co disposto no artigo 36 do RDCI, os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto remítense ao Presidente da Entidade Local os seguintes informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro e Auditorías correspondente ao ano 205 para o seu coñecemento, e para coñecemento do Pleno:

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade. Como consecuencia dos traballos desenvolvidos e da documentación examinada pódese concluír que de xeito xeneralizado dáse cumprimento á normativa vixente en materia de morosidade.

Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da auditoría da Disposición Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2013. Dos traballos e control realizados, mediante técnicas de auditoría, e salvo as excepcións recollidas no informe, verificouse que a documentación analizada representa no seu conxunto a imaxe fiel da situación patrimonial.

Informe Definitivo de control financeiro posterior de verificación da efectividade, control, liquidación e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas nos períodos 2020 ao 2024. A actuación consistiu en identificar as sancións, multas e calquera outro recurso produto das actuacións de natureza urbanística que en



virtude da potestade sancionadora ostenta a XMU. As conclusións alcanzadas no traballo realizado foron que Xerencia non dispón dos medios precisos e indispensables para que poda existir un mínimo control sobre a exacción das sancións e multas de natureza urbanística, sobre os seus ingresos, e o seu pase ao procedemento de prema, debéndose aprobar un plan de acción encamiñado a corrixir as deficiencias que recolle o informe resumo.

Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2024. Como consecuencia dos traballos desenvolvidos e da documentación examinada pódese concluír que, de xeito xeneralizado dáse cumprimento á normativa vixente en materia de contratación e ás instrucións internas ditadas polo Concello de Vigo, se ben considérase axeitado realizar actuacións tendentes a minorar o excesivo volume de procedementos de contratación menor.

Informe Definitivo sobre o control da eficacia na contratación maior en obras e analise e avaliación do importe final dos contratos finalizados en 2023 e 2024, cuxas conclusións destacan un uso case sistemático dos excesos de medición supoñendo dende unha perspectiva do control financeiro un risco relevante para a axeitada programación do gasto, a economía na contratación e a correcta definición do obxecto contractual, así como unha posible insuficiencia dos controis técnicos previos.

Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións nominativas concedidas polo Concello de Vigo no exercicio 2024. Como resultado do traballo efectuado, pódese resumir que as persoas beneficiarias cumpriron, con carácter xeral, coa obrigas recollidas nas bases reguladoras das subvencións analizadas a excepción da que se menciona no informe e que suporá a tramitación do expediente de reintegro por parte do servizo xestor.

Informes definitivos das auditorías de contas do exercicios 2023 e 2024 ás Fundacións Marco, Laxeiro e Liste_Museo etnográfico de Vigo, así como os Informes de recomendacións de control interno e informe adicional ao de auditoría de contas ás tres citadas fundacións e os Informes de auditoría de cumprimento-operativa ás fundacións Liste e Laxeiro.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 22 de xuño de 2026, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento dos informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control financeiro 2025, en aplicación do do disposto do artigo 36 do Real Decreto 424/2017.

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade.....103039_140



Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da obriga da auditoría da Disposicións Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2013.....103039_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior de verificación da efectividade, control, liquidación e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas nos periodos 2020 ao 2024.....103060_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2024.....103052_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior sobre o control da eficacia na contratación maior en obras, análise e avaliación do importe final dos contratos finalizados en 2023 e 2024.....103052_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións no exercicio 2024.....103062_140

Informes definitivos de auditoría de contas dos exercicios 2023 e 2024 ás Fundacións Marco, Laxeiro e Liste_Museo etnográfico de Vigo, así como os Informes de recomendacións de control interno e informe adicional ao de auditoría de contas ás tres citadas fundacións e os Informes de auditoría de cumprimento-operativa ás fundacións Liste e Laxeiro,.....103063_140.

3.(98). PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2026; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 103092/140 (EXPTE. PLENO 5500/1101).

ANTECEDENTES: Dase conta do Plan Anual de Control Financeiro, da viceinterventora e o interventor xeral, de data 11 de xuño de 2026, que di o que segue:

"PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍAS RELATIVO AO EXERCICIO 2026

Táboa de contidos

ABREVIATURAS.....3

I. INTRODUCCIÓN.....4

II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.....5

 II.1. O CONTROL PERMANENTE.....5

 II.2. A AUDITORÍA PÚBLICA.....5

 II.2.1 A auditoría de contas,.....5

 II.2.2 A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa,.....6

III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.....6

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO.....7



IV.1 ÁMBITO SUBXECTIVO. DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO E A SÚA APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO LOCAL.....	7
IV.2 MEDIOS DISPOÑIBLES.....	9
V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR nO ANO 2026.....	10
V.1 ACTUACIÓNS a realizar con carácter obrigatorio.....	10
V.1.1 en materia de control permanente.....	10
V.1.2 en materia de auditoría pública.....	10
V.1.3 en materia de control financeiro dos beneficiarios das subvencións.....	11
V.2 ACTUACIÓNS a realizar con carácter seleccionable.....	11
VI. PERIODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS.....	13
VIII. RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO.....	13
IX. MODIFICACIÓN DO PLAN.....	14
X. DESTINATARIOS DOS INFORMES.....	14

ABREVIATURAS

CFP.....	Control financeiro permanente
ICAC.....	Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas
IGAE.....	Intervención Xeral da Administración do Estado
IXM.....	Intervención xeral municipal do Concello de Vigo
LFe.....	Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público
LSG.....	Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
LRSAL.....	Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local
LXS.....	Lei 38/2003 , de 17 de novembro, xeral de subvencións
PACF.....	Plan Anual do Control Financeiro
RDCI.....	Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
RTGX.....	Remanente de tesouraría para gastos xerais,
TCu.....	Tribunal del Cuentas
TRLRFL.....	Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

I.....INTRODUCCIÓN

O control interno é un concepto que se estende á totalidade da xestión económico-financieira do Concello de Vigo e demais entidades integrantes do sector público local, e a cualificación de interno responde a que é un control exercido pola Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo (IXM), que se contrapón ao control externo, que é exercido por órganos independentes daquela, como son o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Cuentas do Estado (TCu), dependentes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, respectivamente.



A función de control interno realízase na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia. A función exercerase con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión se fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública. Ambas modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro (en adiante PACF) que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio. Incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obrigação legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

É preciso lembrar neste momento que en distintas ocasións púxose de manifesto a necesidade de dotar de mais medios persoais e materiais á Intervención Xeral para poder implantar as actuacións esenciais para a realización destes procedementos do control financeiro permanente coa debida dilixencia. Dende o ano 2024 a Viceintervención adxunta ven desenvolver este control financeiro.

As actuacións previstas neste plan realizaranse pola Intervención xeral municipal a través dos traballos desenvolvidos por esta persoa, coa coordinación, dirección e supervisión do Interventor xeral. Como é previsible a dotación de medios condiciona o alcance e intensidade do control interno¹, polo que se realizarán todas actuacións que sexa posible priorizando aquelas que a criterio do Interventor xeral estime mais relevantes. Dadas as circunstancias antes descritas (medios dispoñibles) fíxase como obxectivo realizar os traballos impostos pola normativa así como a o seguimento das cuestións postas de relevancia nos informes evacuados correspondentes con PACF 2025. Por parte desta intervención emitirase un informe sobre o grado de execución do presente plan unha vez finalizado o exercicio 2026.

II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Como xa se mencionou, o control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

¹ Así recóllese na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Cuentas ao establecer no seu artigo 40.1 (Título IV, Responsabilidade contable) que a insuficiencia de medios persoais e materiais dispoñibles delimitan responsabilidades.



II.1. O CONTROL PERMANENTE.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, como as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente PACF, seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

II.2. A AUDITORÍA PÚBLICA.

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE). A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

II.2.1 A AUDITORÍA DE CONTAS.

Ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

- Os organismos autónomos locais.
- As entidades públicas empresariais locais.
- As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en adiante RDCI)
- As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigación de auditarse que se incluíron no plan anual de auditorías.



II.2.2 A AUDITORÍA DE CUMPRIMENTO E A AUDITORÍA OPERATIVA.

Nas entidades sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financeira desenvolvéronse de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O control interno da xestión económica financeira das entidades locais atópase regulado fundamentalmente nos artigos 130, 133 e 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL); nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL); nos artigos 44 ao 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS) e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); así como pola propia normativa do Concello de Vigo, fundamentalmente as Bases de Execución do Orzamento.

Finalmente, o RDCI, cuxa aprobación veu cumprir co mandato legal imposto por LRSAL, de desenvolvemento regulamentario dos artigos 213 a 218 do TRLRFL e cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de xullo de 2018, segundo establece a súa Disposición Final Segunda, para regular sobre os procedementos de control e metodoloxía de aplicación, co fin de, entre outros obxectivos, lograr un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora das Entidades Locais.

O artigo 29.4 do citado RDCI, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:



- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- A Resolución de 1 de setembro de 1998, da IGAE, pola que se ordena a publicación da Resolución que aproba as Normas de Auditoría do Sector Público.
- A Resolución de 15 de outubro de 2013, do ICAC, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-ES).
- A Resolución de 18 de febreiro de 2014, da IGAE, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- Outras Circulares, Resolucións, Instrucións ou Notas Técnicas aprobadas pola IGAE en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO

IV.1 ÁMBITO SUBXECTIVO. DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO E A SÚA APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO LOCAL

O control será exercido polos órganos de intervención sobre a totalidade de entidades que conforman o sector público local: a Entidade Local e os organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, fondos carentes de personalidade xurídica, consorcios e outras entidades, todos eles dependentes ou adscritos ás Entidades Locais.

Atendendo ao contido no RDCI, o control interno aplícase nas súas diferentes modalidades segundo a natureza dos entes locais do que se trate. No Concello de Vigo, conforman o sector público local aos efectos da realización do control financeiro, o propio Concello de Vigo como entidade local principal e as seguintes entidades dependentes relacionadas no seguinte cadro que recolle esquematicamente tal aplicación:



Ámbito subjectivo (tipo de entidade)	Modalidade de control interno					
	Función Interventora	Control Financeiro				
		Control Permanente (auditoría)	Conta 413 ²	Auditoría Pública		
				De contas	Cumprimento	Operativa
Concello de Vigo (entidade local principal)	Obrigatoria	Obrigatorio	Obrigatoria	Non	Non	Non
Xerencia Municipal de Urbanismo (Organismo autónomo local)	Obrigatoria	Obrigatorio	Non	Obrigatoria	Non	Non
Marco (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo Convention Bureau (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Laxeiro (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo en Deporte (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)

A pesar de que, como dixemos, o RDCI establece a obrigatoriedade de realizar auditoría de contas nos organismos autónomos locais, a función contable sobre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo exercea o propio órgano interventor do Concello, que á súa vez está obrigado a realizar a auditoría de contas.

Neste caso poderíase dar o suposto de autocontrol, que de acordo coa norma técnica 4.2.2 das Normas de Auditoría do Sector Público, impediría, pola perda total de imparcialidade que isto supón, realizar esta auditoría de contas polo órgano interventor. Tamén o Tribunal de Cuentas no seu informe do 29 de outubro de 2009 fixa o criterio da imposibilidade legal que se audite a quen está a exercer a función contable. Por este motivo, entendemos que non procede realizar unha auditoría de contas na XMU, cando o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade.

Por outra parte, ningunha das Fundacións que forman parte do Sector Público Local "Concello de Vigo" ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, sen prexuízo de que

² A disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, baixo a rúbrica "Control de entidades de Administraciones Públicas no sujetas a auditoría", establece que: "En las entidades de las Administraciones Públicas no sujetas a auditoría de cuentas se efectuarán anualmente los trabajos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar la existencia de obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos para los que no se ha producido su imputación presupuestaria".



a auditoría pode ser tamén un requisito fixado estatutariamente ou realizarse voluntariamente se así o requiren os seus patróns ou membros da fundación.

Como temos visto, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica -no noso caso, ningunha-, así como a daquelas fundacións non sometidas á obrigación de auditarse que se incluíran en anteriores plans anuais de auditorías, nos que se tiveron en conta a conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, e de evitar repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco.

No pasado PACF 2025 estableceuse unha previsión de calendario de auditorías que emendara a falta de auditorías nas entidades do sector, prevendo incluír a auditoría de dous exercicios consecutivos para chegar a estabilizar dito desfase no exercicio 2026.

Calendario de auditorías 2025-2026

Auditoría de Contas Anuais, de Cumprimento e Operativa							
		Auditorías ³ PACF 25			Auditorías PACF 26		
Entidade	Tipo de auditorías	Contas	Operativa	Cumprimento	Contas	Operativa	Cumprimento
Fundación Marco		2023-2024	2024	2024	2025		2025
Fundación Laxeiro		2023-2024	2024	2024			
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		2023-2024	2024	2024			
Fundación Vigo en Deporte					2024-2025 ⁴	2025	2025
Fundación Vigo Convention Bureau					2024-2025	2025	2025

IV.2 MEDIOS DISPOÑIBLES

Se ben foron atendidos parte dos requirimentos feitos por esta Intervención Xeral en relación ao aumento da dispoñibilidade de recursos humanos coa creación e adxudicación do posto de Viceintervención adxunta para o desenvolvemento das preceptivas e necesarias funcións de control financeiro (aínda que sen ter creada unha diferenciación organizativa dentro da Intervención xeral), seguen a ser moi escasos os recursos dispoñibles mesmo para o exercicio da tradicional función interventora, normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor. Con todo, resulta necesario a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal que deberá ser dotado de medios técnicos e persoais, habida conta do carácter permanente das funcións a desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

3 Na data deste documento xa constan feitas.
4 No cadro recollido no PACF 2025 tiña un erro nos exercicios das contas a auditar indicando os exercicios 2023-2024 cando os correctos son 2024-2025



De acordo co RDCI, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz. Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder ás necesidades de colaboración. Para conseguir a efectiva execución da previsión establecida no punto anterior no exercicio 2025 tramitouse e adxudicouse un "contrato de servizos profesionais de auditoría en colaboración coa IXM para a realización de actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos PACF." (Exp.103028-140) actualmente en vigor.

V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2026.

Neste apartado recollese só as actuacións do control financeiro planificables sen entrar a mencionar todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal e que non se planifican ao realizarse ao longo de todo o exercicio.

V.1 ACTUACIÓNS A REALIZAR CON CARÁCTER OBRIGATORIO

V.1.1 EN MATERIA DE CONTROL PERMANENTE

De acordo co artigo 29.2 do RDCI, o control permanente exercerase sobre a entidade local e os organismos públicos en que se realice a función interventora. Con carácter obrigatorio realizaranse as actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor que se indican a continuación:

- a. A auditoría de sistemas para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento que prevé a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (LFe) e a normativa de desenvolvemento e, en particular, que non queden retidas as facturas presentadas ao momento xeneral de entrada de facturas electrónicas, dirixidas a órganos ou entidades da respectiva entidade, en ningunha das fases do proceso, establecida no artigo 12.3 da LFe.
- b. O informe de avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade previsto no artigo 12.2 da LFe.
- c. A verificación da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens realizados, ou bens e servizos recibidos sen imputación orzamentaria (conta 413) de acordo coa Disposición Adicional 3ª da Lei



Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

- d. A valoración da adecuación do Plan de acción para solucionar as deficiencias sinaladas e no seu caso, os resultados obtidos; tamén informará sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, de acordo co previsto no artigo 38.3 do RDCI.

Estas actuacións realizaranse con carácter posterior e mediante técnicas de auditoría.

V.1.2EN MATERIA DE AUDITORÍA PÚBLICA

En consideración ao xa indicado as fundacións que integran o sector público local non están obrigadas a auditarse, e dada a situación no organismo autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo no que o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade, neste apartado en tanto que non cambien as circunstancias descritas non existe ningunha actuación.

V.1.3EN MATERIA DE CONTROL FINANCEIRO DOS BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS

O RDCI no artigo 3.5 dispón que o control financeiro de subvencións e axudas públicas exercerase de acordo co establecido na LXS e de conformidade co artigo 82.2 do RD 887/2006.

Dentro desta materia a identificación de riscos fíxose tendo en conta, entre outros os seguintes factores:

- a materialidade económica da área tramitadora.
- o volume económico das operacións
- os resultados de actuacións de control realizadas en exercicios anteriores, e
- a recorrencia de incidencias ou deficiencias detectadas.

V.2 ACTUACIÓNS A REALIZAR CON CARÁCTER SELECCIONABLE

O RDCI dispón que o PACF incluírá todas aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dun análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.



O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometidas a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Para realizar a avaliación de riscos tomáronse en consideración diversos factores tales como, os resultados de actuacións de control interno anteriores, o volume de orzamento xestionado, así como a necesaria regularidade e rotación das actuacións para realizar.

Atendendo os criterios expostos anteriormente e analizadas as áreas de risco, propónse realizar as seguintes actuacións:

- a. A contratación menor é catalogada sistematicamente tanto pola IGAE como polo TCU como unha área de risco preferente, debido a que non está sometida a fiscalización previa (art. 219.1 TRLRFL, e o artigo 17 RDCI) sendo o fraccionamento indebido do obxecto do contrato e as contratacións reiterativas durante anos os principais riscos identificados, polo que o seu control debe ser un dos obxectivos do control financeiro.
- b. Na área de Ingresos. Considerando a obriga legal de realizar o control financeiro sobre os ingresos cando a fiscalización previa é substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, e considerando os seguintes criterios a efectos de identificación de riscos e asignación de prioridades:
 - factor de risco como consecuencia dunha execución (dereitos recoñecidos netos) moi inferior ás previsións definitivas
 - factor de risco como consecuencia da integridade da información precisa para o recoñecemento dos dereitos (autoliquidacións, declaracións, autorizacións, inspeccións...).
- c. Área de Fundacións. Auditaranse tanto as fundacións que aínda non foron incluídas nos PACF dos últimos exercicios como a fundación cuxa financiamento supoña un maior peso nos orzamentos municipais.

En consideración ao todo o anterior, óptase pola inclusión das actuacións de control financeiro e de auditoría nos eidos de carácter obrigatorio ou xa comprometidos en plans anteriores, demorando a vindeiros plans a ampliación das actuacións de control neses campos, así como a inclusión doutras áreas ou materias que se consideren prioritarias en función dunha análise de riscos, pero sempre que a dotación de medios materiais e persoais para o control financeiro así o permita. As actuacións previstas neste PACF son as seguintes:



ÁREA	REF. ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	MODALIDADE	OBJECTO DO CONTROL
Contabilidade e Orzamentos	O1	avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade	Control permanente	a, d, f
	O2	Auditoría da conta 413	Control permanente	a, d, f
	O3	Valoración da adecuación dos Plans de accións aprobados	Control permanente	a, d, f
	O4	Auditoría do rexistro contable de facturas	Control permanente	a, d, f
Contratación	C1	Contratos menores verificación de fraccionamentos indebidos adxudicados no 2025 e análise e avaliación da contratación menor con carácter reiterativo	Control permanente	e
	C2	Análise da eficiencia na tramitación dos contratos adxudicados no 2025	Control permanente	e
Subvencións	S1	Control financeiro sobre beneficiarios de subvencións tramitadas pola area de benestar social baseado sobre unha mostra de expedientes seleccionados conforme a criterios de risco.	Control permanente	a, d, f
Ingresos	X1	Control financeiro permanente sobre a eficiencia na liquidación das ocupacións da vía pública no exercicio 2025	Control permanente	a, b f
Fundacións	F1	Auditoría de Contas e Operativa do exercicio 2025	Auditoría pública	F. Marco
	F4	Auditoría de Contas exercicio 2024 e 2025 e Auditoría Operativa do exercicio 2025	Auditoría pública	F. Vigo Convention Bureau
	F5	Auditoría de Contas exercicio 2024 e 2025 e Auditoría Operativa do exercicio 2025	Auditoría pública	F. Vigo en Deporte

As actuacións propostas na columna obxecto de control son as descritas no artigo 32 RDCI:

- a. Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- b. Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- c. Comprobación da planificación, xestión e situación da tesourería.
- d. As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.
- e. Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde á corrección daquelas.



- f. Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.

VI. PERIODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O cronograma das actuacións a realizar, conforme a este PACF é:

Actuacións		2026					2027		
		xul	ago	set	out	nov	dec	xan	feb
O.1	Cumprimento da normativa en materia de morosidade	P	C	IP			ID		
O.2	Conta 413	P	C	IP			ID		
O.3	Avalización dos plans de acción aprobados	P	C	IP			ID		
O.4	Auditoría sobre o rexistro contable de facturas	P	C	IP			ID		
C.1	Contratos menores		P	C	IP		ID		
C.2	Control da eficiencia na tramitación nos procedementos de contratación no menor.		P	C	IP		ID		
X.1	Efectividade, control, liq. E recadación sancións urb.			P	C	IP	ID		
S.1	Auditoría subvencións 2025			P	P	C	IP	ID	
F	Auditorías de contas, operativas e de cumprimento Fundacións 2024-2025			P	P	C	IP	ID	

P

preparación

C

comprobación

IP, ID

elaboración informe provisional de resultados, e informe definitivo.

RENDICIÓN AO PLENO

VIII. RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO

De acordo con artigo 35 do RDCI, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporán de xeito claro, obxectivo e ponderado os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización na seguintes actuacións de control.

IX. MODIFICACIÓN DO PLAN

O PACF poderá ser modificado, por esta IXM como consecuencia de:

- a realización de controis en virtude de solicitude ou mandato legal
- Variacións na estrutura das entidades obxecto de control
- insuficiencia de medios



- Outras razóns debidamente ponderadas:
 - Evolución dos factores de risco nas diversas áreas que fagan preciso activar actuacións de control continuo
 - Evitar duplicidades cos traballos de control realizados por outros órganos e institucións públicas.

X. DESTINATARIOS DOS INFORMES

O presente PACF así como as súas posibles modificacións, e os informes definitivos de control financeiro, que resulten das actuacións realizadas serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como a través deste último ao Pleno da corporación para o seu coñecemento. (Art 31.1, 31.4 e 36.1 do RDCI). A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á IGAE, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

ANEXO I. ANÁLISE DE RISCOS

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE RISCOS

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión económica sometida a control interno, pero á que non se estende a función interventora, susceptibles de xerar (artigo 31 RDCI):

- Incumprimentos da normativa aplicable (L),
- Falta de fiabilidade da información financeira (F),
- Inadecuada protección dos activos (A) ou,
- Falta de eficacia e eficiencia na xestión (X).

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.



Durante o exercicio 2025, o Concello de Vigo non acordou o establecemento dun réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa para ningún tipo de gasto, aplicándose o réxime xeral de fiscalización e intervención previa para a totalidade dos gastos e obrigacións, o que supón un límite importante no ámbito do exercicio do control financeiro permanente, na medida na que, conforme ao disposto no artigo 13.4 do RDCI, as obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa serán obxecto doutra plena con posterioridade no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen.

A categorización dos riscos mídese segundo á probabilidade de que acontezan e ao impacto potencial que se deduce. Para cada un dos factores asignouse unha puntuación: a máis alta (5 puntos) significa un risco severo ou unha probabilidade case certa; a máis baixa (1 punto), comporta un risco insignificante e unha probabilidade moi baixa. Deste xeito, a puntuación do risco obtense como resultado de multiplicar a probabilidade polo impacto.

Importancia dos riscos potenciais (probabilidade por impacto)

		PROBABILIDADE					
		Puntos	Minima	Improbable	Posible	Bastante probable	Certa
I M P A C T O	Puntos		1	2	3	4	5
	Severo	5	5	10	15	20	25
	Importante	4	4	8	12	16	20
	Medio	3	3	6	9	12	15
	Reducido	2	2	4	6	8	10
	Insignificante	1	1	2	3	4	5

Ao igual que en exercicios pasados, para a realización da análise de riscos identificáronse as seguintes áreas homoxéneas de xestión definidas polo tipo de actividade: Contratación (C), Tesourería (T), Contabilidade e Orzamentos (O), Persoal (P), Subvencións (S), Sistemas de información (I) e Xestión de Ingresos (X).

Dentro de cada unha delas, determinouse o risco, o tipo de incumprimentos susceptibles de xerar, o impacto que produciría e a probabilidade de que se produza. En función da valoración obtida, establécese unha o varias actuacións.

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Contratación (C)	Existencia de expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa	L, A, X	Severo	Improbable	10	a, e
	Xestión administrativa e orzamentaria inadecuada. Existencia de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos ou convalidación do gasto realizado	L, X	Severo	Mínima	5	e
	Atrasos no inicio ou na tramitación dos expedientes de contratación	L, X	Importante	Posible	12	e
	Uso inadecuado ou excesivo dos contratos menores, non sometidos a fiscalización previa. Falta de planificación na contratación (*)	L, X	Importante	Posible	12	a, e
	Incorrecta execución das prestacións contempladas no contrato como melloras ofertadas polo contratista	L, A	Severo	Improbable	10	a, e
	Incremento no importe final dos contratos de obras	A, X	Importante	Posible	12	e



	maiores en relación ao importe de adxudicación (**)					
	Baixa execución orzamentaria dos investimentos (capítulo VI do estado de gastos)	X	Importante	Bastante probable	16	b, e
	Ausencia de control dos gastos de material non inventariable	A, X	Reducido	Posible	6	e
	Incumprimento do prazo contractual por circunstancias imputables ao contratista	A, X	Medio	Posible	9	a, e

(*) Este risco é seleccionado en cada exercicio debido á cualificación por parte do TCu e da IGAE de moi frecuente
(**) Este risco foi obxecto de análise no PACF 2025

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Tesourería (T)	Xestión inadecuada da tesourería. Operacións de tesourería que encobren necesidades de financiamento a longo prazo	F, X	Importante	Mínima	4	c
	Xestión da tesourería. Riscos derivados da existencia de caixas de efectivo ou transaccións numerosas ou importantes	A, X	Importante	Mínima	4	c
	Existencia de pagos a terceiros sen a autorización conxunta do ordenador de pagos, o interventor e o tesoureiro.	L, A	Severo	Mínima	5	c
	Existencia de fondos municipais situados en contas correntes de titularidade non municipal	L, A, X	Severo	Improbable	10	c
	Gastos menores de 3.005,06 satisfeitos a través de ACF ou sistemas de pago equivalentes	L, X	Medio	Mínima	3	e
	Incumprimento do prazo de pago a provedores	L, F, X	Severo	Mínima	5	b, c

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Contabilidade e orzamentos (O)	Dotación inadecuada ou insuficiente aos saldos de dubidoso cobro aos efectos de cuantificar o RTGX	L, F	Severo	Mínima	5	e, f
	Elevado importe ou antigüidade de partidas pendentes de aplicación. Importe aparentemente excesivo de debedores e acredores por operacións non orzamentarias	F	Importante	Improbable	8	f
	Non seguimento ou seguimento inadecuado dos gastos con financiamento afectado	L, F	Importante	Posible	12	a, b, f
	Inadecuada orzamentación: Excesivo número de modificacións orzamentarias ou importe significativo das mesmas en relación aos créditos iniciais	X	Medio	Bastante probable	12	b, e
	Rexistro contable de provisións e continxencias	L, F	Importante	Posible	12	a, b, e
	Remanente de tesourería negativo para gastos xerais	A	Severo	Mínima	5	b, e

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Persoal (P)	Permisos concedidos aos empregados públicos	L	Medio	Posible	9	a, e
	Situacións administrativas dos empregados públicos	L	Medio	Improbable	6	a, e
	Sistemas de provisión dos postos de traballo	L, X	Medio	Bastante probable	12	a, e



Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Subvención (S)	Inexistencia ou incumprimento do Plan Estratéxico de Subvencións	L, X	Medio	Improbable	6	a, b, e
	Inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, ou incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións	L, X	Importante	Posible	12	d, e
	Falta de tramitación de los expedientes de reintegro	L, A, X	Importante	Improbable	8	a, d, e
	Falta da remisión obrigatoria á BDNS (*)	L, X	Medio	Bastante probable	12	a, e, f

(*) Este risco foi obxecto de análise no PACF 2025

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Sistemas de información (I)	Controles inadecuados ou insuficientes sobre o acceso aos sistemas de información, bases de datos e/ou rexistro das operacións	F	Importante	Improbable	8	e
	Falta de integración da infraestrutura informática. Incoherencias entre a información procedente de diferentes sistemas	F	Importante	Bastante probable	16	e
	Posibles erros nos automatismos entre as aplicacións de recadación e contabilidade	F, X	Importante	Improbable	8	f

Área	Descrición do risco	Tipo de risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Xestión de ingresos (X)	Control posterior de dereitos e ingresos: Impostos Municipais Directos e Indirectos	L	Importante	Improbable	8	a, f
	Control posterior de dereitos e ingresos: Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos	L	Importante	Improbable	8	a, f
	Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de concesións administrativas (*)	L	Importante	Improbable	8	a, f
	Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de infraccións e sancións urbanísticas (**)	L, X	Importante	Certa	20	a, f
	Control posterior de dereitos e ingresos: beneficios fiscais en tributos	L	Importante	Posible	12	a, f
	Control posterior de dereitos e ingresos: por ocupacións da vía pública	L	Importante	Bastante Posible	16	b, e

(*) Este risco foi obxecto de análise no PACF 2024

(**) Este risco foi obxecto de análise no PACF 2025

(1) As actuacións propostas na columna tipo de actuacións son as descritas no artigo 32 RDCI:



- a. Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- b. Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- c. Comprobación da planificación, xestión e situación da tesourería.
- d. As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.
- e. Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde á corrección daquelas.
- f. Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.

Como resultado desta análise identifícanse os maiores riscos (aqueles cun impacto igual o superior a importante e unha probabilidade igual o superior a posible) para o Concello de Vigo que en función de cada área son os seguintes:

- **Área de contratación:**
 - (1) Atrasos no inicio ou na tramitación dos expedientes de contratación;
 - (2) uso inadecuado ou excesivo dos contratos menores, non sometidos a fiscalización previa -falta de planificación na contratación-;
 - (3) Incremento no importe final dos contratos de obras maiores en relación ao importe de adxudicación
 - (4) baixa execución orzamentaria dos investimentos.
- **Área de contabilidade e orzamentos:**
 - (5) Non seguimento ou seguimento inadecuado dos gastos con financiamento afectado;
 - (6) Inadecuada orzamentación: Excesivo número de modificacións orzamentarias ou importe significativo das mesmas en relación aos créditos iniciais
 - (7) rexistro contable de provisións e continxencias.
- **Área de persoal:**
 - (8) Sistemas de provisión dos postos de traballo.
- **Área de subvencións:**



- (9) Inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, ou incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións.
- (10) Inadecuado cumprimento da obriga de remisión de datos á BDNS
- **Área de sistemas:**
 - (11) Falta de integración da infraestrutura informática. Incoherencias entre a información procedente de diferentes sistemas.
- **Área de xestión de ingresos:**
 - (12) Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de infraccións e sancións urbanísticas
 - (13) Control posterior de dereitos e ingresos: beneficios fiscais en tributos
 - (14) Baixa execución dos dereitos recoñecidos en comparación coas previsións iniciais do orzamento.

As actuacións previstas neste plan realizaranse pola Intervención xeral municipal a través dos traballos desenvolvidos pola Viceintervención adxunta, coa coordinación, dirección e supervisión do Interventor xeral. Como é previsible entender, a dotación de medios condiciona o alcance e intensidade do control interno⁵, polo que se realizarán todas actuacións que sexa posible priorizando aquelas que a criterio do Interventor xeral estime mais relevantes. Dado que polas circunstancias antes descritas (medios dispoñibles tanto persoais como materiais) fíxase como obxectivo realizar os traballos impostos pola normativa así como aqueles que en función do resultado do análise de riscos e os medios dos que se dispón supoñen uns obxectivos realizables. Estes traballos son os recollidos na táboa da páxina 12 do PACF 2026.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 22 de xuño de 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de Control Financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026.

4.(99). APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2025. EXPTE. 452/143 (EXPEDIENTE PLENO 5488/1101).

⁵ -así se recolle na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Cuentas ao establecer no seu artigo 40.1 (Título IV, Responsabilidade contable) que a insuficiencia de medios persoais e materiais dispoñibles delimitan responsabilidades.



ANTECEDENTES.- Con data 26 de maio de 2026, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

«I. PARTE EXPOSITIVA / ANTECEDENTES

PRIMEIRO. De conformidade co disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, formouse e rendeuse polo Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente, mediante Resolución con data do 17 de abril de 2026, a Conta Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025.

SEGUNDO. A citada Conta Xeral foi obxecto de ditame favorable por parte da Comisión Especial de Contas en sesión extraordinaria celebrada o 23 de abril de 2026.

TERCEIRO. En cumprimento do establecido no artigo 212.3 do TRLRFL, o expediente someteuse a exposición pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 78, do 27 de abril de 2026, polo prazo legalmente establecido de quince días hábiles, outorgados para a presentación de reclamacións, reparos ou alegacións, o cal finalizou o 19 de maio de 2026.

CUARTO. Segundo consta na certificación oficial expedida polo Rexistro Xeral que consta no expediente instruído para o efecto, durante o citado período de exposición pública non se formulou ningunha reclamación, obxección nin alegación.

QUINTO. De acordo co procedemento regulado no artigo 212.4 do TRLRFL, e en consonancia co propio ditame da Comisión Especial de Contas —no que se prevía que, de non presentarse reclamacións, o Secretario da Comisión remitiría o expediente á Secretaría do Pleno logo de certificación acreditativa—, procédese a someter a Conta Xeral á consideración e aprobación definitiva do Pleno da Corporación.

SEXTO. Consonte o artigo 212.5 do TRLRFL, unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a conta (aprobándoa ou rexeitándoa), esta será remitida telematicamente ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro de 2026, data límite establecida no citado precepto legal, e de conformidade coa obriga xeral de rendición que prevé o artigo 223 do mesmo texto refundido e os formatos informáticos vixentes.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte: ../...»

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22 de xuño 2026, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .



VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- *Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo

ACORDO

Con dezoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e mais do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación de operacións contables previas.

Con carácter previo ao pronunciamento sobre os estados financeiros globais, aprobanse os seguintes axustes e operacións contables correspondentes ao exercicio 2025:

1.1. Traspaso a resultados pendientes de aplicación

Traspasar o saldo debedor ou acredor da conta 129 (*Resultados do exercicio 2025*) para as seguintes entidades de conformidade co seguinte detalle:

Entidade	Saldo Orixinal (Conta 129)	Natureza do Resultado	Conta de Destino / Operación
Concello de Vigo (Entidade Local)	29.151.270,53	Positivo (Acredor)	Abono á conta 120
Xerencia Municipal de Urbanismo (O.A.)	86.528,70	Negativo (Debedor)	Abono á conta 129
Fundación LISTE	666,07	Positivo	Regularización patrimonial
Fundación MARCO	-7.834,82	Negativo	Regularización patrimonial
Fundación CONVENTION BUREAU	20.488,61	Positivo	Regularización patrimonial

1.2. Dotación de amortizacións do inmovilizado

Aprobar as dotacións de amortización do exercicio para as entidades do grupo que se sinalan a continuación:



- **Concello de Vigo:** 34.275.391,01 €
- **Xerencia Municipal de Urbanismo:** 46.789,46 €
- **Fundación LISTE:** 597,30 €
- **Fundación MARCO:** 300,96 €
- **Fundación CONVENTION BUREAU:** 20.488,61 €
- **Total nos Estados Consolidados:** 34.343.567,34 €

1.3. Correccións valorativas por dereitos de difícil recadación

En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento vixente, aprobase a dotación económica para saldos de dubidoso cobro:

- **Concello de Vigo:** 38.408.397,12 €
- **Xerencia Municipal de Urbanismo:** 1.625.098,34 €

SEGUNDO.- Aprobación das Contas Anuais do Exercicio 2025.

Aprobar as Contas Anuais do exercicio 2025, as cales integran o Balance, a Conta de resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios no Patrimonio Neto, o Estado de fluxos de efectivo, o Estado de liquidación do Orzamento, a Memoria e os demais estados contables complementarios das entidades que integran o grupo de consolidación:

- **2.1.** Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo (Entidade Matriz).
- **2.2.** Conta do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- **2.3.** Conta Xeral dos Estados Consolidados do Grupo Concello de Vigo, formulada ao amparo dos criterios de consolidación da Orde HAC/836/2021, que integra a totalidade das entidades anteriores e as Fundacións dependentes: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU.

Certifícase que os devanditos estados financeiros e patrimoniais reflicten fielmente a situación económica, financeira, a execución orzamentaria, así como os indicadores de custo de actividades e rendementos do grupo local.



TERCEIRO.- Notas técnicas e criterios de aplicación contable específicos.

Tomar coñecemento e ratificar os seguintes criterios técnicos aplicados no peche do exercicio:

- **Xestión da Conta 130 (Subvencións para o financiamento do inmovilizado non financeiro):** Constátase que o saldo desta conta ascende a 45.084.783,00 euros na Entidade Principal e a 45.545.401,08 euros nos estados consolidados, sen que se teña imputado ningunha contía á conta de resultado económico-patrimonial no presente exercicio.

Dado que a maioría destas subvencións (asentadas inicialmente na conta 9401) financian infraestruturas destinadas ao uso xeral onde o cálculo obxectivo da amortización reviste complexidade, adóptase o compromiso técnico de que, no peche do exercicio 2026, se propondrá unha imputación lineal a resultados por décimas partes (10 anos) tomando como referencia o saldo de dito ano, procedendo a avaliar a idoneidade do criterio ao termo do devandito período.

- **Traspaso de saldos do inmovilizado material en curso:** En relación coas contas de inmovilizado en curso (2300, 2310, 232, 233, 234, 235, 237 e 2390), que suman un importe total de 150.243.864,95 euros, considérase tecnicamente que os bens obxecto de investimento están finalizados e en condicións de funcionamento. Por tanto, foron tidos en conta para o cálculo e dotación da amortización correspondente, coa excepción xenérica da conta 230 (terreos) por natureza non amortizable, sen prexuízo de proceder á regularización do seu traspaso formal ás contas do subgrupo 21 no vindeiro exercicio.

CUARTO.- Rendición de contas.

Dispoñer a remisión obrigatoria da Conta Xeral así aprobada, xunto coa documentación que a integra, ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia, por vía estritamente telemática e con anterioridade ao 15 de outubro de 2026, dando así cumprimento ao establecido no artigo 212.5 do TRLRFL e en relación co artigo 223 do mesmo corpo legal.

***.- Incidencia.** *En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*



MOCIÓNS:

5.(100). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A PROTECCIÓN E VALORIZACIÓN DOS MONTES PERIURBANOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5517/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5517/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"PARA A PROTECCIÓN E VALORIZACIÓN DOS MONTES PERIRUBANOS DA CIDADE DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os montes periurbanos de Vigo constitúen un dos activos ambientais, sociais, culturais e territoriais máis singulares e estratéxicos do noso municipio. Cunha extensión que supera as 1.606 hectáreas —o que representa preto do 17% da superficie total do termo municipal e da que un 57% se dedica a uso social—, estes espazos non son un mero apéndice rural da cidade, senón a súa infraestrutura verde máis relevante, o seu principal pulmón ecolóxico e o escenario onde se xoga gran parte da calidade de vida e a saúde colectiva da cidadanía viguesa. Xestionados maioritariamente en réxime de man común pola Mancomunidade de Montes de Vigo (integrada por comunidades veciñais e pola Entidade Local Menor de Bembrive), estes montes esténdense e abrazan as parroquias de Beade, Zamáns, Valadares, Matamá, Saiáns, Comesaña, Bembrive, Coruxo, Cabral, Candeán, Castrelos, Lavadores, Teis e Oia, conformando unha interface natural insubstituíbel entre a masa forestal e o tecido urbano da cidade.

A relevancia deste modelo de xestión comunal evidénciase tamén na implicación directa de arredor de 3.500 comuneiras e comuneiros, que sosteñen de maneira altruísta e continuada unha parte substancial do patrimonio natural colectivo de Vigo, convertendo o movemento comunal nun dos principais activos de participación social e vertebración territorial da cidade

Os servizos ecosistémicos que estes montes veciñais prestan ás máis de 300.000 viguesas e vigueses son de primeira magnitude. Actúan como xigantescos sumidoiros naturais de carbono, cunha capacidade de captación de CO2 equivalente ás emisións xeradas por case 90.000 vehículos ao ano. Así mesmo, regulan de xeito decisivo o ciclo hídrico e a protección dos solos fronte á erosión, chegando a achegar máis do 12% do abastecemento de auga da cidade en determinados períodos de seca. Melloran radicalmente a calidade do aire, favorecen a polinización e ofrecen produtos forestais de calidade, erguéndose como unha salvagarda natural imprescindible fronte á degradación ambiental.



Máis alá do seu valor ecolóxico, o uso social e recreativo do monte en Vigo é unha realidade comunitaria consolidada e un relevante factor de benestar colectivo. A Mancomunidade ten desenvolvido ao longo das tres últimas décadas unha importante labor de posta en valor coa creación de parques forestais e miradoiros a finais dos anos 90 (35 hectáreas a disposición da cidadanía), até a recuperación do patrimonio arqueolóxico e etnográfico, con 45 gravados rupestres catalogados, 12 mámoas, 12 castros, muíños e camiños enlousados, así como a creación de tres áreas etnoarqueolóxicas ou proxectos de aproveitamento micolóxico. Do mesmo xeito, tense consolidado unha rede de sendeiros que supera os 130 quilómetros e unha ampla programación de actividades lúdico-deportivas, educativas e de voluntariado que achegan o monte á cidadanía.

Segundo os datos preliminares do proxecto estratéxico "*Montes de Vigo 2046: montes veciñais en valor*", desenvolvido en colaboración coa Universidade de Vigo, os parques forestais, roteiros e miradoiros da nosa cidade atraen a preto de 200.000 visitantes ao ano. O forte vencello emocional e o recoñecemento social deste patrimonio verifícase en que o 40% das persoas enquisadas amosan explicitamente a súa disposición a pagar polos servizos que reciben en caso de que estes espazos estivesen en risco de desaparecer. Os montes son, xa que logo, identidade, lecer e saúde pública.

No actual contexto de emerxencia climática, os montes periurbanos adquiren unha dimensión aínda máis crucial como a rede de refuxios climáticos naturais máis potente de Vigo. Fronte ao incremento progresivo das temperaturas e o efecto de illa de calor urbana que volve insoportábeis os espazos asfaltados da cidade, os parques forestais ofrecen un alivio térmico privilexiado, frescura e sombra que salvan vidas, especialmente entre a poboación máis vulnerábel. Porén, para que esta función social e ambiental se desenvolva plenamente, resulta imprescindible garantir a accesibilidade universal.

Hoxe en día, desfrutar deste dereito está condicionado de xeito case exclusivo pola posesión dun vehículo privado. Existe unha eiva histórica e inaceptábel na rede de transporte público urbano que desconecta a cidade das súas parroquias rurais e contorna forestal. Esta deficiencia agrávase dramaticamente durante as fins de semana e festivos, xusto cando a demanda de acceso é maior e o servizo é máis deficitario. Esta barreira na mobilidade convértese nun factor de exclusión socioeconómica evidente que illa as persoas maiores, a mocidade e as familias con menores ingresos. Democratizar e garantir o acceso aos refuxios climáticos que constitúen os nosos montes esixe conectar de maneira digna e eficiente o Vigo urbano co seu patrimonio forestal.

Mais a resiliencia de Vigo non se pode soste no desleixo e na inacción institucional. A trágica vaga de incendios forestais de outubro de 2017, que en apenas sete horas arrasou un terzo da superficie periurbana de Vigo nas parroquias de Valadares, Coruxo, Comesaña, Matamá e Zamáns, deixou cicatrices profundas e unha lección clara: o modelo baseado unicamente na extinción está esgotado. Como ten sinalado con acerto e de maneira reiterada a Mancomunidade de Montes de Vigo, urxe



avanzarmos cara a unha estratexia de prevención estrutural e ordenación do territorio de cara á próxima década. O BNG leva anos denunciando que non podemos seguir mantendo o noso pulmón verde con respiración asistida, fiando a súa supervivencia de xeito exclusivo ao esforzo heroico, voluntario e desinteresado das comuneiras e comuneiros.

Non abonda con aplicar parches ou pór en marcha medidas improvisadas cando chega o verán e as temperaturas baten marcas. O reto non é só previr os lumes da próxima campaña estival. Cómpre deseñar unha política forestal e de protección civil con visión de futuro que prevea os grandes incendios forestais da vindeira década, promovendo montes multifuncionais, sustentábeis e biodiversos. Isto implica de xeito urxente declarar a Vigo como unha cidade libre de eucaliptos e outras especies pirófitas, estimulando mediante a axuda pública a súa substitución progresiva por masas forestais de frondosas autóctonas que actúen como barreiras naturais.

Case 9 anos despois daquela catástrofe, nin o Goberno municipal de Abel Caballero nin a Xunta de Galiza do PP cumpriron as súas promesas. O proxecto do Anel Verde — unha franxa de protección forestal pasiva e estratéxica de case 50 quilómetros anunciada a bombo e prato en 2018— atópase practicamente paralizado polo desleixo e a falla de cooperación entre administracións, e os escasos tramos que avanzaron fixérono exclusivamente grazas aos recursos propios e esforzo das comunidades. É urxente e xusto que Concello e Xunta asuman os montes como unha infraestrutura verde esencial, equiparábel a calquera outra gran dotación pública estratéxica da cidade.

Nese sentido é preciso mobilizar os recursos económicos necesarios, aproveitando os inxentes remanentes acumulados na tesouraría municipal, para dotar o monte veciñal dun financiamento estábel e plurianual, que compense o retorno social e ecolóxico que estas as comunidades de montes achegan á cidadanía. Ese compromiso financeiro resulta especialmente xustificado se temos en conta que as comunidades de montes veñen asumindo historicamente funcións que exceden a xestión forestal estrita, garantindo o mantemento de parques forestais, áreas recreativas, miradoiros, patrimonio arqueolóxico, programas de educación ambiental, actividades deportivas e iniciativas de participación social que benefician ao conxunto da cidade e que deberían ser consideradas unha verdadeira prestación de servizos de interese público.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galiza e ao Goberno municipal a cooperaren no exercicio das súas respectivas competencias para a mellor atención, valorización e protección dos montes perirubanos da cidade de Vigo, financiando o desenvolvemento do proxecto de Anel Verde e a implementación de faixas secundarias de protección forestal e defensa contra os incendios en colaboración coas comunidades de montes.



2. Declarar formalmente Vigo como "Cidade libre de eucaliptos e outras especies pirófitas ou invasoras", e instar a Xunta de Galiza e Goberno municipal a desenvolveren, xunto á Mancomunidade de Montes de Vigo, un plan plurianual para a súa substitución progresiva por masas forestais de frondosas autóctonas de alta resiliencia e baixa inflamabilidade.
3. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a habilitar liñas de financiamento estábeis e plurianuais dirixidas á conservación e resiliencia climática dos montes periurbanos de Vigo, aliñadas cos obxectivos da Estratexia Europea de Infraestruturas Verdes e da Lei de Restauración da Natureza.
4. Instar ao Goberno municipal a dotar unha partida anual de como mínimo 1 millón de euros para o investimento, actualización e mellora das infraestruturas verdes periurbanas (parques forestais, sendeiros, miradoiros, áreas de descanso, sinalización integrada e accesibilidade) en liña coas propostas técnicas da Mancomunidade de Montes de Vigo e o proxecto *Montes de Vigo 2046*.
5. Instar ao Goberno municipal a desenvolver, en colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, un Programa Municipal de Patrimonio Natural e Cultural dos Montes Periurbanos que permita a conservación, sinalización, divulgación e posta en valor dos elementos arqueolóxicos, etnográficos e históricos existentes nos montes veciñais, promovendo a súa integración nas políticas educativas, culturais e turísticas da cidade.
6. Instar ao Goberno municipal a desenvolver un Plan de Accesibilidade Sustentábel aos Montes de Vigo a través de transporte público que reestructure e reforce de xeito inmediato as liñas e frecuencias cara ás parroquias e accesos forestais, con especial atención ás fins de semana e festivos, avaliando a implantación de liñas lanzadeira específicas para garantir o libre acceso aos refuxios climáticos sen depender do coche.
7. Instar ao Goberno municipal a constituír a "Mesa Permanente dos Montes de Vigo" como un órgano estábel de coordinación entre o Concello, a Mancomunidade de Montes e as comunidades veciñais en man común para o seguimento, planificación e avaliación de todas as actuacións que afecten ao territorio forestal.
8. Instar ao Goberno municipal a elaborar no prazo máximo de seis meses un Plan Municipal Integral de Protección, Valorización e Uso Social dos Montes Periurbanos de Vigo en colaboración coas comunidades de montes, a Universidade de Vigo e o tecido ecoloxista e veciñal da cidade.
9. Instar ao Goberno municipal a incrementar substancialmente os medios materiais e persoais municipais dedicados á vixilancia, prevención de lumes e primeira intervención durante todo o ano, endurecendo as inspeccións e sancións para erradicar o depósito de vertidos e restos de obras no monte.
10. Instar ao Goberno municipal a impulsar e cofinanciar programas de educación ambiental e voluntariado que involucren á cidadanía e ao alumnado vigués no coñecemento dos valores ecosistémicos do monte, potenciando e ampliando iniciativas de éxito como "*Os montes de Vigo na Escola*".



Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 25 de xuño de 2026, o concelleiro-delegado do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rivas González, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5527/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, poñente da moción, non acepta a emenda de substitución formulada polo concelleiro-delegado do Grupo Municipal Socialista (5527/1101).

VOTACIÓN:

•Votos a favor: oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•Votos en contra: Non houbo.

•Abstencións: dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e dezoito (18) abstencións, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.26 (Rex. Nº 5517/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Para a protección e valorización dos montes periurbanos da cidade de Vigo*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(101). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA AO FINANCIAMENTO DE VOOS NO AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 5519/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5519/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O Presidente da Xunta de Galicia ven de facer unhas declaracións nas que recoñeceu que, dende a Administración autonómica, se fixeron pagos a Ryanair e outras compañías aéreas.

Estas declaracións, feitas na canle pública de televisión de Galicia, poñen de manifesto a contradicción respecto de declaracións anteriores nas que se aseguraba que non se facían pagos para promocionar voos dende Santiago e que, se houbese algunha proba, se dimitiría.

Ademáis, se fan nun contexto no que se fixo un anuncio, por parte do Conselleiro da Presidencia e do propio Presidente, de que se adicarían recursos públicos para promocionar Galicia en destino e cunhas cantidades insuficientes para as rutas aéreas.

Por todo o dito, o grupo municipal do PsdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Primeiro. Que se aprobe instar ao Presidente da Xunta de Galicia para que dea explicacións a cidadanía de Vigo sobre o engano que se mantivo durante estes anos de negación de pagos ás compañías aéreas, dado que afirmaba que a Xunta de Galicia non había financiado líneas para operar desde Santiago.
- Segundo. Que aprobe os créditos orzamentarios necesarios para transferir ao Concello de Vigo un tercio do coste de financiar voos aos destinos cos que AENA se comprometeu a bonificar, asumindo outro tercio a Deputación de Pontevedra e outro tercio o Concello de Vigo."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5530/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5530/1101).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* Non houbo



ACORDO:

Con dezaioito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito votos (8) en contra, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular e tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5519/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, *"Instando á Xunta de Galicia ao financiamento de voos no aeroporto de Vigo"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:25 horas, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro Sr. Aneiros Pereira e a concelleira, Sra. Caride Estévez, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

7.(102). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA AO FINANCIAMENTO DE VIGO COMO A CIDADE MAS POBOADA DE GALICIA. EXPTE. 5520/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5520/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde hai anos o Concello de Santiago, vía orzamento da Xunta de Galicia, ten asignada unha partida en concepto de capitalidade. A esta significativa asignación únenselle outras achegas en materia de cultura, infraestruturas e impostos derivados da os edificios da Xunta de Galicia nese Concello.

Ao comezo desta lexislatura, en abril de 2.024, a achega era de 2,4 millóns de euros nese concepto de capitalidade. O goberno da Xunta decidiu en 2.025 un incremento do 10% e este ano volveu incrementarse nun 14%, o que supón que finalmente quedou establecida en 3 millóns para este ano 2.026, incrementándose nun 25% con respecto a 2.024.

Vigo como a cidade con máis poboación de Galicia e con maior peso industrial, contempla como se asignan inxentes recursos económicos, que se incrementan ano tras ano, a unha parte do territorio de Galicia con menos poboación e cunha menor necesidade de servizos públicos e infraestruturas.

Desde Vigo non se quere confrontar con outros territorios pero si reclamar as achegas que a Xunta de Galicia debe asignar proporcionalmente aos territorios en función das súas características e peso na economía e actividade social de Galicia.

A capitalidade non pode converterse nun privilexio. Vigo, triplicando a poboación de Santiago, debe percibir o triplo de asignación que en todo momento establézase pola Xunta de Galicia.



Como queira que esta demanda xa foi aprobada por este Pleno, non atendida polo goberno da Xunta de Galicia, é por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a consignar con carácter inmediato unha cantidade de 9 millóns de euros ao Concello de Vigo en concepto da cidade máis poboada de Galicia en analogía á asignada en concepto de capitalidade ao Concello de Santiago de Compostela."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5531/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda de substitucion formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5531/1101).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco votos (5) en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5520/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando á Xunta de Galicia ao financiamento de Vigo como a cidade máis poboada de Galicia*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:46 horas, incorpóranse ao Salón de Plenos o concelleiro, Sr. Aneiros Pereira, e a concelleira, Sra. Caride Estévez, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.



8.(103). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE MEDIDAS RELACIONADAS COA ATENCIÓN PRIMARIA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5521/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5521/1101 (correxida con nº de Rexistro do Pleno 5525/1101 de data 25 de xuño de 2026), a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como acontece cada ano, a chegada do período estival agrava notablemente a deficiente situación que atravesamos a sanidade pública na nosa cidade.

A través dos medios de comunicación, tense coñecemento de que as camas hospitalarias dispoñibles reduciranse, de media, ao redor dun 10% durante este verán.

Resulta sorprendente que, segundo as informacións facilitadas pola propia Consellería de Sanidade, a administración autonómica estea a ultimar o "plan de verán" para a organización asistencial e sin embargo, xa se anunciaron os peches de recursos.

A cidadanía viguesa ten padecido durante os últimos veráns continuas e graves situacións de colapso na Atención Primaria e nas urxencias hospitalarias. Este escenario de desamparo non pode nin debe repetirse. É urxente aplicar solucións estruturais que eviten o caos asistencial crónico dos anos anteriores.

A esta problemática estival súmase a crítica realidade do recentemente estreado Centro Integral de Saúde (CIS) Olimpia Valencia. Xa saturado e con inadmisibles demoras na atención a tan só tres meses da súa inauguración.

O CIS Olimpia Valencia reproduce hoxe exactamente os mesmos problemas crónicos que sofren a maior parte dos centros de saúde da área de Vigo, con esperas de máis de 15 días e rebotes os servizos de urxencias.

O colapso do CIS Olimpia Valencia non é un feito fortuíto, senón unha consecuencia directa que xa foi advertida neste pleno.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Instar a Xunta de Galicia a:

- Cubrir de xeito inmediato a totalidade das prazas vacantes estruturais existentes na Atención Primaria de Vigo.
- Garantir a cobertura integral con profesionais sanitarios de todas as baixas médicas e períodos vacacionais, co obxectivo de evitar o colapso e as graves e habituais carencias nos centros de saúde e Puntos de Atención Continuada (PAC), de forma especial durante a época estival.



- Planificar e financiar a creación de novos centros de atención primaria en Vigo, que cubran a demanda existente na cidade de Vigo.
- Proceder á reapertura inmediata das consultas médicas do Hospital Nicolás Peña como medida de reforzo urxente, mantendo este servizo operativo de forma provisional en tanto non se finalice a construción e posta en marcha de outros centros de atención primaria."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5532/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5532/1101).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5521/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, referente ás "*Medidas relacionadas coa atención primaria na cidade de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:08 horas, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.



9.(104). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE MEDIDAS RELACIONADAS CO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO. EXPTE. 5522/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5522/1101 (correxida con nº de Rexistro do Pleno 5526/1101 de data 25 de xuño de 2026), a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Superior de Música de Vigo constitúe unha institución de referencia na formación musical superior de Galicia, desenvolvendo ensinanzas artísticas superiores en múltiples especialidades e prestando un servizo esencial para a formación de futuros intérpretes, compositores, pedagogos, musicólogos e xestores culturais.

O centro dispón de decenas de aulas, auditorio, biblioteca, espazos de estudo, dependencias administrativas e zonas de uso común que requiren atención permanente para garantir o seu correcto funcionamento.

As funcións desempeñadas polo persoal de conserxaría son esenciais para a apertura e peche de instalacións, control de accesos, atención ao alumnado e profesorado, recepción de documentación e paquetería, apoio a actividades académicas e culturais, coordinación de incidencias e garantía do normal desenvolvemento da actividade diaria.

A redución de dous postos de conserxaría supoñería unha diminución significativa dos recursos humanos dispoñibles para atender un centro cun horario amplo de funcionamento e unha intensa actividade docente e artística, desenvolvéndose clases, ensaios, concertos e actividades complementarias durante gran parte da xornada.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Manifestar o rexeitamento á supresión de dunha praza de subalterno e doutra de auxiliar administrativo no Conservatorio Superior de Música de Vigo.
- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Univerdidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a manter a totalidade dos postos de subalternos e de auxiliares administrativos existentes no centro.
- Garantir que calquera modificación da Relación de Postos de Traballo ou da dotación de persoal realícese mediante diálogo e negociación coa comunidade educativa e a representación sindical.



- Manter o Conservatorio Superior de Música de Vigo, aberto nos horarios nos que viña permanecendo aberto hasta os últimos acontecementos."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5533/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5533/1101).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte (20), dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5522/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, referente ás "*Medidas relacionadas co Conservatorio Superior de Música de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:28 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira, e auséntase a concelleira, Sra. Aguiar Castro, ambos do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

10.(105). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS CO CLUBE CELTA DE VIGO DE BALONCESTO FEMENINO. EXPTE. 5523/1101.



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5523/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia vén discriminando de forma permanente á cidade de Vigo en todas as súas decisións de apoio a infraestruturas e servizos públicos.

A esta discriminación de carácter xeral, engádese o ocorrido en datas moi recentes no aspecto deportivo, en concreto no relativo ao baloncesto.

Dous equipos galegos de baloncesto, o masculino Leyma da Coruña e o feminino Celta de Vigo, xogábanse a fase de ascenso ás máximas categorías das súas competicións nos playoff.

É evidente que os equipos de baloncesto necesitan da achega das institucións e en maior medida cando teñen que afrontar estas fases de ascenso que comportan, afortunadamente, gastos adicionais aos previstos ao principio de tempada.

Ante estas situacións similares, a Xunta de Galicia asinou un convenio có club Leyma de Coruña patrocinando a final a catro de ascenso á liga ACB a celebrarse en Coruña cunha achega de 150.000 euros, especificamente para ese evento. Decisión que celebramos o mesmo que o éxito deportivo.

Pero esa mesma situación dábase en Vigo, o Celta de Vigo de baloncesto feminino, xogaba a mesma fase de ascenso á máxima categoría. É indubidable que o equipo feminino de Vigo necesitaba dunha achega similar á que a Xunta asinou co Leyma. O goberno da Xunta, desde a Consellería de Deportes non ofreceu un patrocinio en condicións similares discriminando ao deporte vigués e coa connotación de discriminación ao deporte feminino.

ACORDOS

- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a desculpase co Celta de Vigo feminino de Baloncesto por non ofrecer ao devandito club un acordo de patrocinio específico para cubrir a fase de ascenso á máxima categoría.
- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a achegar a cantidade de 200.000 euros ao Club Celta de Vigo de baloncesto feminino, a mesma cantidade que lle achegará o Concello de Vigo o próximo ano.
- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a cubrir os gastos derivados da fase de ascenso que se celebrou en Vigo, como fixo o Concello de Vigo."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5529/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5529/1101).



VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte (20), dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* Non houbo.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5523/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando ao Presidente da Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas co Clube Celta de Vigo de Baloncesto feminino*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:48 horas, auséntanse do Salón de Plenos o concelleiro, Sr. Aneiros Pereira, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓN.

11.(106). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE DIANTE DO PLENO AO RESPECTO DA IMPUTACIÓN PENAL DA CONCELLEIRA DE SEGURIDADE E FESTA, D^a PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, POLO ACCIDENTE MORTAL DO "SALTAMONTES" E SÚA DECISIÓN DE NON CESALA CON CARÁCTER INMEDIATO. EXPTE. 5518/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2026, número 5518/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

MOCIÓN



"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A imputación penal da concelleira de Seguridade e Festas, Dona Patricia Rodríguez Calviño, por un presunto delito de homicidio imprudente relacionado co accidente mortal acontecido na atracción de "El Saltamontes" durante as festas de Matamá en 2024 continúa, a día de hoxe, sen ter depuradas as ineludibles responsabilidades políticas derivadas da mesma.

Xa que logo, case dous meses despois de que o xuíz instructor ditara o correspondente auto xudicial, o alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, segue a gardar un silencio cómplice e inadmisíbel. E o que é peor, continúa a negarse a exercer a súa obriga política de cesar a devandita concelleira de todos os seus cargos, tal e como lle temos demandado dende entón.

Así o fixemos nun Pleno Extraordinario, celebrado o pasado día 19, que foi promovido por este grupo municipal do Partido Popular de Vigo e no que inicialmente reclamábamos: a comparecencia do alcalde nesa mesma sesión para informar do caso; a destitución fulminante da concelleira imputada de todos os seus cargos; a constitución dunha Comisión Especial de Investigación; e o traslado á familia de Iván das condolencias e o pesar polo seu falecemento en nome de toda a cidade.

Sen embargo, nunha decisión politicamente inaceptable, o alcalde-presidente decidiu retirar de xeito unilateral a petición da súa comparecencia da sesión, aludindo a un suposto incumprimento formal do Regulamento Orgánico do Pleno.

A transparencia, a exemplaridade e a rendición de contas son principios básicos da xestión pública que non poden ser furtados por unha decisión arbitraria e, ao noso entender, inxustificada. O que a converte nunha manobra de censura ao lexítimo dereito que teñen os grupos da oposición de exercer o seu labor de fiscalización a este goberno e, sobre todo, ao dereito que teñen os vigueses a recibir as explicacións que merecen.

A gravidade do asunto esixe, pois, que o máximo responsable do goberno municipal dea a cara e non se agoche baixo de ningunha coartada. Retirar a súa comparecencia do debate non borra nin a realidade xudicial nin a súa responsabilidade política, á que volvemos apelar.

E por iso que, a pesar dos reiterados intentos de Abel Caballero por esconderse, o grupo municipal do Partido Popular continúa a considerar que a súa comparecencia diante do Pleno é unha obriga democrática da que non pode fuxir.

En consecuencia, e máis alá de reservarnos adoptar calquera acción xudicial que consideremos oportuna polo seu veto democrático a comparecer na pasada sesión extraordinaria, o grupo municipal do PP de Vigo, conforme ao disposto no artigo 67 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, presenta moción á sesión ordinaria do Pleno deste mes de xuño co seguinte

ACORDO:

ÚNICO.-

Solicitar a comparecencia do Alcalde de Vigo, Don Abel Caballero, diante da Corporación Municipal na vindeira sesión do Pleno que se celebre para dar as explicacións ás que politicamente está obrigado logo da imputación penal por un presunto delito de homicidio imprudente da concelleira delegada das áreas de Seguridade e Festas, Dona Patricia Rodríguez



Calviño, polo accidente mortal acontecido na atracción do 'Saltamontes' nas festas de Matamá de 2024, e a súa decisión de non cesala."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5528/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5528/1101).

VOTACIÓN DA EMENDA:

•*Votos a favor:* oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Abstencións:* Non houbo.

ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e dezaseis (16) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal rexeita a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5528/1101).

VOTACIÓN DA MOCIÓN:

•*Votos a favor:* oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Abstencións:* Non houbo.



ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e dezaseis (16) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.06.2026 (Rex. Nº 5518/1101) pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "Propoñendo a comparecencia do alcalde diante do Pleno ao respecto da imputación penal da concelleira de seguridade e festas, Dona Patricia Rodríguez Calviño, polo accidente mortal do "Saltamontes" e súa decisión de non cesala con carácter inmediato", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

12.(107). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/05/26 E O 19/06/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5516/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no expediente 5516/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13.(108). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/05/26 E O 19/06/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5524/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no expediente 5524/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

14. FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.1.(109). Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que o goberno Municipal rectifique a falla de apoio á organización dos actos do Orgullo LGBT na nosa cidade e ofrezca de maneira estábel a colaboración económica necesaria para permitir a súa celebración, após retirar a promoción da diversidade sexual como liña subvencionable nas axudas municipais da Concellaría de Igualdade».



A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

14.2.(110). Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra Sánchez Méndez. «ROGAMOS que o goberno municipal axilice a xestión e resolva en tempo e forma (e por suposto sempre conforme a lei), as peticións de autorización para a celebración de distintos eventos na nosa cidade, a teor dos últimos contratempos vividos en Beade coa carreira da festas da cereixa ou mesmo nas fogueiras de San Xoán nas que as resolucións non chegaron a tempo ou apenas unhas horas antes, ante a desesperación e o crecente malestar das organizacións como as festas de Coia, que non saben ao que aterse, Circunstancia que levou a máis dunha a desistir para o próximo ano».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

15. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15.1.(111). Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Cal é o motivo para que este Goberno Municipal insista no maltrato ao deporte de Vigo, procedendo a fechar os ximnasiaos do Carme e do Berbés, durante os meses de xullo e agosto, tendo en conta que estas instalacións deportivas xa sufriron a suspensión da súa actividade durante os meses de maio e xuño por causa da súa militarización para o Desfile das Forzas Armadas?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

15.2.(112). Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Vai este goberno municipal a retirar do libro de honra da cidade a firma do ex Ministro de Transportes, José Luis Ábalos, condenado polo Tribunal Supremo en sentenza firme a 24 anos de cárcere por corrupción, seguindo o exemplo da Deputación de Pontevedra coa fontaneira do PSOE, Leire Díez, quen foi recibida por Carmela Silva con todo tipo de mostras de afecto permitindo que se manche o bo nome da cidade?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario xuño 2026
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 29 de Junio de 2026 09:02:23
Fecha Fin : Lunes, 29 de Junio de 2026 12:16:25
Duración : 03:14:02

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3669



- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.5 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/URgf2J7eAmFr76qAZSfbAnd0dgpDq5WKPqtNfqCCw pTD1oRo.wmv>

SHA512 - 8b7305987dbc6cbb5cd046a379196400d49886310afebe853215d7e15e171b45b87cc22 636579c03e8a5d4cfafeed7b1dc4c1635d676aa6fab3534ac075d0597

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.2 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/1ZQzwXIu01G0uoGsItsVuD7KJpZjjXuQ3SbfX3n91 wQY4Ldj.mp4>

SHA512 - e01707d59e7892fe7677f44a215734998741f4b55b7e844759d03677e06c060b6bebd33 6c566e3743387e29dd7746cf76c05c2bd856d680bb4de7b230e0240da

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Maluel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:01:11 - Silva Rego, Carmen
- 00:02:30 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 25 de maio e extraordinaria do 19 de xuño de 2026.
- 00:02:46 : 2. Informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2025 en aplicación do disposto no artigo 36 do Real Decreto 424/2017; Dación de conta. Expediente 103096/140. (Expte. Pleno 5499/1101).
- 00:03:29 : 3. Plan anual de control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2026; Dación de Conta. Expte. 103092/140 (Expte. Pleno 5500/1101).
- 00:03:44 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:08:40 - Silva Rego, Carmen
- 00:08:49 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:14:02 - García González, Patricia
- 00:19:03 - Silva Rego, Carmen
- 00:19:11 - Silva Rego, Carmen
- 00:19:17 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:22:16 - Silva Rego, Carmen
- 00:22:28 : 4. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2025. Expte. 452/143 (Expediente Pleno 5488/1101).
- 00:22:42 - Aneiros Pereira, Jaime



00:27:41 - Silva Rego, Carmen
 00:27:52 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:32:53 - Silva Rego, Carmen
 00:32:57 - García González, Patricia
 00:38:08 - Silva Rego, Carmen
 00:38:21 - Silva Rego, Carmen
 00:38:29 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:40:30 - Silva Rego, Carmen
 00:40:35 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:41:32 - Silva Rego, Carmen
 00:41:42 - Votación [9:44:03]
 00:42:10 - -Minuto de silencio polas vítimas da violencia machista-
 00:43:19 - Silva Rego, Carmen

00:43:30 : 5. Moción do grupo municipal do BNG para a protección e valorización dos montes periurbanos da cidade de Vigo. Expte. 5517/1101.
 00:43:46 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:44:15 - Silva Rego, Carmen
 00:44:33 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:49:40 - Silva Rego, Carmen
 00:49:44 - Martín Peña, José Miguel
 00:54:38 - Silva Rego, Carmen
 00:54:41 - Rivas González, Angel
 00:59:43 - Silva Rego, Carmen
 01:00:01 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:03:01 - Silva Rego, Carmen
 01:03:10 - Votación [10:05:34]

01:03:38 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento de voos no Aeroporto de Vigo. Expte. 5519/1101.
 01:04:01 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:08:55 - Silva Rego, Carmen
 01:09:02 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:14:06 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:19:05 - Silva Rego, Carmen
 01:19:20 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:22:20 - Silva Rego, Carmen
 01:22:24 - Votación [10:24:49]

01:22:46 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento de Vigo como a cidade mas poboada de Galicia. Expte. 552071101.
 01:23:07 - López Font, Carlos
 01:28:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:28:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:33:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:33:26 - Martín Peña, José Miguel
 01:39:10 - López Font, Carlos
 01:41:10 - Silva Rego, Carmen
 01:41:37 - López Font, Carlos
 01:41:45 - López Font, Carlos
 01:42:40 - Silva Rego, Carmen
 01:42:48 - Votación [10:45:13]

01:43:28 : 8. Moción do grupo municipal Socialista de medidas relacionadas coa atención primaria na cidade de Vigo. Expte. 5521/1101.
 01:44:00 - Espinosa Mangana, Elena
 01:49:03 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:54:04 - Silva Rego, Carmen
 01:54:11 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:59:06 - Silva Rego, Carmen
 01:59:13 - Espinosa Mangana, Elena



- 02:02:15 - Silva Rego, Carmen
 02:05:14 - Votación [11:07:43]
 02:05:15 - Silva Rego, Carmen
 02:05:37 - Silva Rego, Carmen
- 02:05:52 : 9. Moción do grupo municipal Socialista de medidas relacionadas co Conservatorio Superior de Música de Vigo. Expte. 5522/1101.
 02:06:07 - Alonso Suarez, María Olga
 02:11:06 - Silva Rego, Carmen
 02:11:10 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:16:15 - Silva Rego, Carmen
 02:16:24 - Benavides Alonso, Daniel
 02:21:25 - Silva Rego, Carmen
 02:21:36 - Alonso Suarez, María Olga
 02:24:45 - Silva Rego, Carmen
 02:24:51 - Silva Rego, Carmen
 02:24:52 - Votación [11:27:17]
- 02:25:15 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionada co Clube Celta de Vigo de baloncesto feminino. Expte. 5523/1101.
 02:25:38 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 02:30:34 - Silva Rego, Carmen
 02:30:54 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:35:53 - Silva Rego, Carmen
 02:35:57 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:36:01 - Benavides Alonso, Daniel
 02:40:13 - Silva Rego, Carmen
 02:40:19 - Benavides Alonso, Daniel
 02:41:06 - Silva Rego, Carmen
 02:41:32 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 02:44:33 - Silva Rego, Carmen
 02:44:56 - Votación [11:47:21]
 02:44:56 - Silva Rego, Carmen
- 02:45:20 : 11. Moción do grupo municipal do Partido Popular propoñendo a comparecencia do Alcalde diante do Pleno ao respecto da imputación penal da concelleira de Seguridade e Festa, D^a Patricia Rodríguez Calviño, polo accidente mortal do ?Saltamontes? e súa decisión de non cesala con carácter inmediato. Expte. 5518/1101.
 02:45:53 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:50:35 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:50:38 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:55:41 - Silva Rego, Carmen
 02:55:45 - López Font, Carlos
 03:00:47 - Silva Rego, Carmen
 03:00:57 - Sanchez Mendez, Luisa María
 03:04:01 - Sanchez Mendez, Luisa María
 03:04:06 - Silva Rego, Carmen
 03:06:49 - Votación [12:09:13]
 03:07:07 - Votación [12:09:30]
- 03:07:28 : 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no Expte. Pleno 5516/1101.
- 03:07:50 : 13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/05/26 e o 19/06/26, incluídas no Expte. Pleno 5524/1101.
- 03:08:13 : 14. Formulación de rogos.
 03:08:18 - Martínez Piñeiro, Ana



03:08:40 - Silva Rego, Carmen
03:09:16 - Sanchez Mendez, Luisa María
03:09:49 - Silva Rego, Carmen

03:10:36 : 15. Formulación de preguntas.
03:10:39 - Abalde Comesaña, Filipe
03:11:09 - Silva Rego, Carmen
03:12:05 - Sanchez Mendez, Luisa María
03:12:30 - Silva Rego, Carmen
03:14:02 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e dezaseis minutos (12:16) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 10/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.
/sc

A PRESIDENCIA
Ma Carmen Silva Rego

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villán Fuertes

